




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ria do Barqueiro. Concello: Mañón. Parroquia: Santa María de Bares.
Extensión: 0,81km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ribeiras acantiladas graníticas de gran potencia, orientadas pola existencia de fracturas ONO-ESE propias da ría do Barqueiro e que centran a Punta do Almeiro entre as enseadas laterais do Espiñeiral e Bares. Unidade de pouca proxección continental e límites ben definidos de elevacións notables que se achegan aos 200m e deben a súa potencia a un levantamento tectónico. Os cantís son moi activos, dando lugar a grandes depósitos de bloques e cantos ao pé.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Enmarcada no Dominio Hercínico, sumando unha granodiorita tardía na parte setentrional, cara á Punta do Almeiro, e un granito de dúas micas sincinemático na parte meridional.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada pertencente ao dominio Cálido e Seco con valores anuais medios de temperatura por encima dos 14°C e entre 800mm e 1000mm de precipitación. A amplitude térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

OS SOLOS

Na parte alta da unidade e nas pendentes máis acusadas localízanse os chans máis pobres e pouco profundos do tipo regosol. O resto da unidade está formada principalmente por cambisols dístricos.

AS AUGAS

Unidade acantilada que presenta dúas vertentes costeiras ao norte e ao sur da Punta do Almeiro e nas que dada a súa morfoloxía non se desenvolve unha rede fluvial significativa. A vertente sur desauga na masa de Augas Costeiras da Ría do Barqueiro (20162), e o norte nas Augas Costeiras da costa de Bares (20163).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Cantís con importantes praias de cantos e bloques ao pé, solo protexidos polo LIC estaca de Bares ao N. da unidade. Destacan os hábitat 1230 de cantís atlánticos e 1210, "Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maior parte do chan, que abarca as ladeiras orientais do Monte Videiras e o Monte Campelo, está cuberto por bosque de repoboación desde a cima até a fronte litoral. Con todo, esta superficie presenta certas discontinuidades, xa que aparecen algunhas parcelas de matogueira e outras de usos agrícolas, vinculadas ao asentamento de Campelo, entre a masa forestal predominante.

MORFOLOXÍA

O casarío de Campelo áchase situado a 125 metros sobre o nivel do mar, e trátase dun núcleo de orixe tradicional de pequena entidade e vinculado a unha reducida superficie agrícola que descende pola ladeira do Monte Campelo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-100, que une O Barqueiro con Bares, atravesa a unidade pola parte máis occidental, aproximadamente a 150 metros sobre o nivel do mar, ao sur da cima do Monte Campelo.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen elementos patrimoniais catalogados no interior desta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade forma parte da Península de Bares, un conxunto paisaxístico de gran singularidade que é ademais o punto máis setentrional da Península Ibérica. A formación peninsular é atravesada lonxitudinalmente por unha cordilleira central, con ladeiras de forte inclinación cara á Ría de Barqueiro polo E e ao mar aberto polo O. É unha paisaxe que sufriu poucas intervencións humanas, o que lle permite manter as súas extraordinarias características naturais practicamente intactas. Esta unidade de grandes cantís convexos presenta importantes praias de cantos e bloques ao pé do cantil. Como a práctica totalidade da vertente oriental, as ladeiras que a conforman sufriron un proceso de repoboación forestal que alterou a cobertura vexetal orixinal da superficie. A pegada humana é, nesta pequena unidade, particularmente baixa, xa que se limita ao pequeno asentamento de Campelo na parte alta da ladeira do monte de mesmo nome.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe da península de Bares, no que se inclúen as unidades de Punta de Castro, Pena do Campelo, Bares e Estaca de Bares, supón un dos fitos paisaxísticos de maior importancia de toda a costa de Galicia. Aos seus destacables valores naturais únese o feito de que a intervención antrópica foi ao longo de toda a historia moi limitada, o que permitiu que conserve en gran medida a súa integridade e valores orixinais. No caso de Pena do Campelo son especialmente valiosas as formacións costeiras de grandes cantís convexos, que caen ao mar na contorna de Punta do Almeiro levando case os bosques de eucaliptos ata a auga, por iso foi considerado como Espazo de Interese Paisaxístico. Pecha a "Cuncha de Bares" pola súa banda sur, e funciona como referencia intermedia nas perspectivas lonxitudinais que se xeran ao longo da Ría do Barqueiro. A Punta do Almeiro supón un punto natural de observación da paisaxe da Península de Bares e da costa do Vicedo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Non existen ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



